

# PROXECTO LECTOR

## IES LUÍS SEOANE

### 2023/27

Aprobado en Claustro do día 20 e Consello Escolar do día 23 de outubro de 2023

## OUTUBRO 2023

## ÍNDICE

<b>1. ANÁLISE DO CONTEXTO .....</b>	<b>3</b>
1.1. Contorna xeográfica, socioeconómica e cultural	
1.2. Análise do centro	
1.3. Análise da situación da lecto-escritura no centro	
<b>2. A BIBLIOTECA .....</b>	<b>5</b>
2.1. Instalacións	
2.2. Uso e funcionamento	
2.3. Actividades	
<b>3. FORMULACIÓN DE OBXECTIVOS .....</b>	<b>7</b>
<b>4. ESTRATEXIAS PARA MELLORAR A COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA .....</b>	<b>8</b>
<b>5. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN .....</b>	<b>9</b>

## 1.- ANÁLISE DO CONTEXTO

Nome do centro: IES LUÍS SEOANE  
Dirección: R/ Luxemburgo s/n, Monte Porreiro  
Localidade: Pontevedra  
Código postal: 36621  
Teléfono: 986857700  
E-mail: [ies.luis.seoane@edu.xunta.gal](mailto:ies.luis.seoane@edu.xunta.gal)  
Web: [www.iesluisseoane.org](http://www.iesluisseoane.org)

<https://www.facebook.com/instiluisseoane>

[https://www.instagram.com/ies\\_luisseoane/](https://www.instagram.com/ies_luisseoane/)

### 1.1. Contorna xeográfica, socioeconómica e cultural

O *IES Luís Seoane* denomínase así desde 1994 e procede dun desdoblamento do *Instituto Politécnico de Pontevedra* que se produciu en 1987.

Monte Porreiro é a urbanización do concello de Pontevedra na que se localiza o instituto, situada ao leste do núcleo urbano de Pontevedra, do que dista 3 km, e ao sur do río Lérez.

Logo de varias fases, Monte Porreiro está urbanizado case na súa totalidade. O recente desa urbanización e o feito de que posúe un elevado número de vivendas de promoción pública explica en parte o escaso arraigo que presentan algúns dos nosos alumnos e alumnas. A poboación está en torno aos 7000 habitantes.

Debemos subliñar que a poboación de Monte Porreiro é máis nova que a da media do concello; tamén que existe un elevado número de familias monoparentais, especialmente de mulleres; é grande o número de matrimonios sen fillos ou con eles moi cativos; e dentro da súa diversidade social, ten relevancia a presenza de habitantes de etnia xitana e un número crecente de inmigrantes (de África, América do Sur, leste de Europa).

O nivel de ocupación e o de estudos presenta unha desviación moi significativa con respecto á do Concello. Predominan os estudos básicos e é moi baixa a porcentaxe de poboación que posúe estudos superiores. Quizais por ese motivo Monte Porreiro presenta unha máis elevada taxa de actividade na poboación que está entre os 16 e os 24 anos (temperán abandono dos estudos) e tamén unha meirande taxa de paro (menor cualificación profesional).

Os sectores económicos máis representados na ocupación laboral en Monte Porreiro son a construción, a industria e o transporte, o comercio e traballos non especializados. É significativo o feito que entre as mulleres destaca como actividade máis realizada a de servizo doméstico. En datos de 2019: “Monte Porreiro é o barrio máis pobre de Pontevedra.

## 1.2. Análise do centro

A ampla oferta educativa do IES Luís Seoane, centro de titularidade pública, está destinada a tres liñas de ESO; Bacharelato de Ciencias, Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, Bacharelato Xeral; ciclos formativos de graos medio e superior das familias profesionais de “Administración e Xestión” e “Comercio e Márketing” (nesta última familia, tamén existen os estudos de FPB de “Servizos Comerciais”); Dual de “Comercialización de produtos alimentarios” xunto co CIFP Carlos Oroza; e “Transporte e Loxística”.

Na modalidade de persoas adultas, temos ensino a distancia para os ciclos superiores de “Transporte e Loxística”, “Administración e Finanzas” e para o ciclo medio de “Xestión Administrativa”.

O horario xeral do instituto manteno aberto de maneira case ininterrompida de 8:00h a 22:30 horas, circunstancia favorece a realización de actividades complementarias e extraescolares e de reforzo educativo.

Na ESO contamos cunha porcentaxe de alumnado carente de motivación, sen hábitos de traballo e con problemas na aprendizaxe das instrumentais. O interese pola cultura é baixo e as expectativas son pobres no que respecta aos estudos. No Bacharelato os resultados académicos aínda resultan insatisfactorios; malia iso, o nivel de aprobados nas ABAU adoita ser do 100%.

Nos ciclos formativos de FP os resultados son moi satisfactorios, cunha elevada taxa de éxito. O centro atrae alumnos e alumnas que xa teñen cursado estudos universitarios ou algún curso deles. A oferta de adultos é aproveitada por alumnado que se axusta ao perfil habitual para estes casos, coa característica máis salientable da motivación coa que afrontan os seus estudos, xa que ademais pode cursar a FCT en países europeos baixo os Erasmus+.

O cadro de persoal oscila en torno aos oitenta e cinco profesores e profesoras, mentres que o persoal de servizos está formado por dous administrativos, tres conserxes e seis limpadoras, con bastante estabilidade no cadro de persoal.

Como Escola Asociada da UNESCO -desde 1997- o IES Luís Seoane desenvolveu e desenvolve proxectos referidos a patrimonio, desenvolvemento sostible, igualdade, dereitos humanos, días internacionais e significativos, ... baixo o paraugas dos ODS e a Axenda 2030, establecéndose numerosas relacións e intercambios escolares con centros educativos de Cuba, Arxentina, Portugal, Polonia, Romanía, Francia...

Por outra parte, o instituto sempre estivo implicado en programas europeos e de cooperación co mundo empresarial. Desde o curso 1995/96 participouse no Programa Leonardo; tamén estivo acollido ao Proxecto Sócrates e se integrou no Interreg II. Coordinouse un programa Comenius multilateral con Portugal, Polonia e Francia e, a partir da participación nestes programas, o centro incrementou o seu nivel de relacións con outros centros de ensino. Os últimos cursos coordináronse Erasmus+ (con Portugal, Grecia, Romanía e Polonia) e, desde xuño do presente ano, o IES é o único centro da cidade que conta coa Acreditación Erasmus (até 2027), dada a remodelación que se produciu con estes programas europeos e que implica mobilidades de longa duración para profesorado e alumnado.

Na actualidade temos concedida a CARTA ERASMUS+ que permite o desenvolvemento de programas internacionais con arredor de dez bolsas anuais para que os nosos estudantes de formación profesional desenvolvan estadias en países europeos.

O centro conta ademais cun Viveiro de Empresas e equipos multidisciplinares e entre departamentos como son: *Equipo da Biblioteca Maruxa Seoane*, *Club de Lectura Cando lemos*, *Club de Ciencia*, *radio escolar Seoane no aire*, *Equipo de Mediación*, *NeoFem Luís Seoane*, *Comité UNESCO*; e unha coordinadora para os variados cursos de formación dentro do PFPP.

O instituto caracterizouse ao longo de toda a súa traxectoria por unha rica oferta de actividades complementarias e extraescolares: visitas a empresas, museos, exposicións e lugares de interese natural; actividades deportivas, obradoiros de teatro, vídeo e fotografía; intercambios escolares; cursos de caligrafía; charlas e relatorios; participación en eventos dentro e fóra do IES; organización de feiras e mercados sustentables ...

Por estes motivos, o Instituto e parte do seu profesorado de maneira máis particular, foron premiados repetidamente durante os últimos dez anos destacando o ***Segundo premio nacional "Marta Mata"***, a ***Mención Especial a la Acción Magistral 2014***, ou o ***Premio Cidade de Pontevedra 2015***. Tamén se recibiron distincións en proxectos anuais relacionados cos Plan Proxecta ou cos contratos-programa EDU-Inclúe e EDU-Innova que se solicitan.

A proxección do instituto oríentase tamén cara as institucións, as familias e as asociacións da nosa contorna para alcanzar o obxectivo compartido da mellora da calidade, coa inclusión en plans de innovación (Cuale, E-dixgal, e os arriba mencionados).

### 1.3. Análise da situación da lecto-escritura no centro

Dende o curso 2007/08 quedou configurado un Grupo de Traballo de carácter interdisciplinar co obxectivo de dinamizar todo tipo de actividades relacionadas coa biblioteca. Entre as súas actuacións destacamos a de realizar unha análise exhaustiva da

situación da lecto-escritura do noso alumnado a partir do deseño dunhas probas específicas realizadas nos grupos de 2º e 3º da ESO.

A resultas dos datos obtidos, o Grupo de Traballo solicitou, a partir do curso 2011/12, un contrato-programa relativo á temática de “Mellora da lectura e da escritura” o que facilitou a creación de materiais relacionados coa competencia lingüística, a formación específica do profesorado e o incremento de fondos bibliográficos que sirvan para potenciar esta capacidade. Os materiais elaborados foron difundidos entre os distintos departamentos para o seu uso desde esta ligazón: <https://issuu.com/mxose/docs/mellora>

Outro indicador de gran relevancia son as avaliacións iniciais que se realizan a comezos de curso, as xuntanzas do Equipo Docente de cada grupo ou as observacións do Departamento de Orientación.

É preciso constatar que existen deficiencias nunha parte importante do alumnado arredor da escrita e da lectura (expresión e comprensión) motivadas en gran medida polo desinterese, o nivel sociocultural das familias, a influencia da comunicación inmediata e pasaxeira das redes sociais e o uso continuo de dispositivos móbiles, o que leva o noso alumnado a ter graves problemas de atención e de escasa alfabetización informacional.

## 2. A BIBLIOTECA

### 2.1. Instalacións

A biblioteca ocupa o lugar central do vestíbulo, o que fai dela o punto de encontro e de traballo por excelencia. Destaca a súa luminosidade, a ausencia de barreiras arquitectónicas, a comodidade, o ambiente acolledor que a caracteriza e a súa versatilidade á hora de adaptar o seu espazo ás actividades que nela teñen lugar. Está dotada de mobiliario axeitado (andeis abertos, mesas e cadeiras), expositores, seis ordenadores (dous para a xestión interna), canón, pantalla e ordenador portátil, mesa de son e micrófonos, espazo de radio. A aula do Comité UNESCO, o salón de actos e o vestíbulo son lugares de uso para xuntanzas e eventos relacionados coas accións da biblioteca.

En canto aos fondos, na biblioteca están catalogados ao redor de 19000 na base de datos do programa KOHA (sendo centro piloto na súa implementación, antigo MEIGA), figura na Rede de Bibliotecas Escolares de Galicia e é centro de continuidade PLAMBE e LÍA2. Desde o curso pasado conta con rede social propia:

<https://www.instagram.com/maruxaseoanebiblioteca/>

Atendendo á **tipoloxía** dos nosos fondos, dispoñemos de:

- Libros de consulta xeral: enciclopedias tanto universais como temáticas, dicionarios, coleccións xerais con información sobre temas variados.
- Libros de ficción, tanto clásicos como actuais en galego, castelán, inglés e francés.
- Libros de ensaio e monografías.
- Banda deseñada deseñada en galego, castelán e inglés.
- Material audiovisual: filmes de diverso tipo, documentais (históricos, científicos...), enciclopedias, etc.
- Revistas e publicacións periódicas.
- Outros materiais a demanda dos departamentos e alumnado.

## 2.2. Uso e funcionamento

Ocúpanse do funcionamento da biblioteca un equipo de trece profesoras de distintos departamentos didácticos baixo unha coordinadora xeral, permanecendo aberta sempre que se poida dependendo do horario lectivo do profesorado, tamén en horario de tarde-noite.

A biblioteca entrega a cada usuario un carné de biblioteca con código de barras para realizar o servizo de préstamo, útil ao longo da vida escolar do alumnado, e realiza formación de usuarios e usuarias a comezos do curso escolar. O equipo organízase para asistir a propostas formativas relacionadas coa competencia lingüística e co funcionamento das bibliotecas escolares, desde que no ano 2009 se integrou no PLAMBE.

Fondos e recursos humanos están ao servizo da comunidade educativa na organización de actividades complementarias e extraescolares de todos os departamentos e ciclos formativos en estreito traballo cooperativo.

## 2.3. Actuacións

Entre as **actividades** que a biblioteca dinamiza, destacamos:

- sesións de formación de usuarios e formación documental,
- exposicións temáticas de todo tipo,
- actividades programadas de dinamización e animación á lectura,
- conmemoracións de diferentes datas ao longo do curso escolar en colaboración con distintos departamentos,
- charlas con escritores e escritoras, ou persoas de relevancia,
- conferencias dos diversos departamentos,
- organización do programa de Mochilas Viaxeiras,
- club de lectura *Cando Lemos* (tres grupos, mais Inglés, Francés e Castelán),

- soporte para o PFPP,
- xuntanzas de nais e pais,
- proxectos interdisciplinares,
- talleres/obradoiros variados,
- exposicións de novidades,
- información sobre concursos literarios, ou
- camiños literarios.

### 3. FORMULACIÓN DE OBXECTIVOS

A formulación deste Proxecto Lector orientase ao logro dos **seguintes obxectivos**, que teñen como fin principal formar lectores competentes e polivalentes:

- Elevar os niveis de éxito escolar no ensino obrigatorio.
- Espertar a necesidade de ler como ferramenta indispensable para mellorar a produción dos propios textos escritos.
- Mellorar a competencia en comunicación lingüística e, en concreto, da lectura como medio para a aprendizaxe, promovendo o uso das bibliotecas e dos espazos comúns de aprendizaxe.
- Mellorar a habilidade lectora (ritmo, entoación...) atendendo tamén á corrección postural; de comprensión; de escritura (redacción, puntuación, ortografía...) e de expresión oral.
- Mellorar o vocabulario, mediante o emprego de técnicas de traballo persoal e na aula que impliquen o uso do dicionario como fonte de resolución de dúbidas sobre a adquisición do léxico das diferentes áreas.
- Traballar con todo tipo de textos (literarios, científicos, xornalísticos, publicitarios, gráficos...) e todo tipo de soportes (impresos e electrónicos).
- Fomentar o hábito lector desde todas as áreas e niveis e desenvolver a comprensión lectora da maneira máis harmónica e eficaz posible.
- Crear os medios que faciliten o acceso do alumnado á lectura e á práctica da escritura.
- Implicar a todo o profesorado nas actividades, campañas e outras experiencias que puideran programarse para potenciar o hábito lector e as capacidades inherentes ao mesmo.
- Promover, tanto nas programacións didácticas como na acción dentro da aula traballos que impliquen o uso da lectura e da utilización de todas as fontes dispoñibles para a investigación sobre temas relacionados coas diversas disciplinas dos currículos.
- Tentar sensibilizar ás familias da importancia que ten o hábito lector na educación dos seus fillos e fillas.



## 4. ESTRATEXIAS PARA MELLORAR A COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

As intervencións que se realicen no centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas deberían contar coa implicación do profesorado das distintas áreas, materias e ciclos, e coa incorporación da biblioteca escolar á práctica docente, como recursos fundamentais para a súa posta en marcha.

A participación da biblioteca consistirá en:

- Abastecer os departamentos para os seus itinerarios lectores conforme o PAL (Plan Anual de Lectura).
- Colaborar cos departamentos para a actualización dos fondos bibliográficos.
- Proceder a expurgar fondos obsoletos ou non propios dunha biblioteca escolar, tendo en conta as recomendacións de Bibliotecas Escolares de Galicia: mercado solidario de libros a un euro (tamén no barrio) cuxos fondos se destinan a CIDEL/RD.
- Recomendar lecturas relacionadas coas áreas que se imparten.
- Propoñer traballos de investigacións individuais e/ou grupais.
- Participar nas actividades complementarias dos currículos das distintas materias e nas do Comité UNESCO: exposicións, conmemoracións...
- Organizar actividades de carácter interdisciplinar.
- Convidar a escritores/as e ilustradores/as.
- Proporcionar o espazo e recursos da biblioteca como aula.
- Traballar desde todas as materias as habilidades lecto-escritoras tendo como referencia os materiais elaborados polo equipo de biblioteca e os fondos específicos que ofrecemos para a mellora da competencia lingüística.
- Atender as demandas do alumnado.
- Mellorar o espazo da biblioteca.
- Continuar diversificando os seus usos e instalacións.
- Seguir unha metodoloxía común cuxos puntos principais serían os que se marcan nas intervencións e estratexias xerais que desenvolvemos nos puntos seguintes.

Entre as estratexias a seguir desde cada departamento, que mellorarías as competencias lingüísticas activas e pasivas, suxírense as seguintes:

- Lectura en voz alta de textos na clase, coidando a dicción, a entoación..., para favorecer a correcta expresión oral e unha boa comprensión do texto.

- Aprendizaxe de técnicas como o subliñado, o esquema, a temática, a idea central ou tema, o resumo, o mapa conceptual... que axuden a comprender a estrutura textual.
- Realización de composicións escritas con corrección, mediante a aplicación dos pasos necesarios: guión, borrador, revisión, texto.
- Confección do vocabulario de cada unidade ou o listado dos termos fundamentais de cada tema e utilización dos mesmos nas actividades que se proboñan.
- Lectura de todo tipo de textos: xornalísticos, científicos, enciclopédicos, literarios...
- Elaboración dunha proposta de lectura de libros ou fragmentos dos mesmos por trimestre ou curso.
- Procura de información relacionada co tema proposto utilizando internet, enciclopedias, libros especializados, etc.
- Realización de debates, mesas redondas ou encontros sobre libros, fragmentos ou artigos periodísticos lidos.
- Desenvolvemento da atención e da memoria mediante a retención de palabras clave e de datos fundamentais para responder a distintas preguntas.
- Incidencia na transversalidade da lectura e da escritura.
- Adxudicación á lectura dunha puntuación concreta nas cualificacións de avaliación.
- Prácticas de ditado e redacción.
- Traballo cos comentarios críticos.
- Realizacións de dramatizacións.
- Valoración da expresión correcta (con cohesión e coherencia, adecuación e presentación).
- Traballo cos signos de puntuación e a ortografía.
- Coordinación co centro de primaria adscrito das actuacións de lecto-escritura.

## 5. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Realizarase unha avaliación continuada dos avances e dificultades da posta en marcha do proxecto e das súas concrecións nos plans anuais de lectura.

Os indicadores que utilizaremos serán:

- o incremento no número de usuarios e usuarias da biblioteca,
- o nivel de implicación de todos os departamentos á hora de poñer en práctica as propostas deste Proxecto Lector e de avaliar a lecto-escritura,
- a valoración nas sesións de avaliación do progreso observado no alumnado, e
- o éxito e implicación obtido nas distintas actividades da biblioteca.